

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

R.P. 2025/10699 Concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa DP0037/2025

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DP0037: PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O ANO 2025**

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia 6161 do 11 de febreiro de 2025, que foi publicada no BOP do 17 de febreiro de 2025, concedéronse de forma provisional as subvencións da convocatoria DP0037: PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O ANO 2025, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e vistas as solicitudes de reformulación ou de cambio de obxecto, alegacións, emendas e desistencias que os interesados presentaron.

Vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica e do Servizo de Fiscalización.

#### RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións incluídas as reformulacións e cambios de obxecto correspondentes ao Programa DP0037: PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O ANO 2025, ás entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOC PROTECTORA DE ANIMALES SAN FRANCISCO DE ASIS NIF: G15655285 Cod. Exp.:2024000050211 Obxecto: Fase 2 na obra para a mellora da instalación de auga no refuxio da protectora	6.418,99€	0,8000	8.023,74€
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS DO CAMIÑO NIF: G70459045 Cod. Exp.:2024000048956 Obxecto: Equipamento e mellora das instalacións	12.877,06€	0,8000	16.096,32€
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN NIF: G70047881 Cod. Exp.:2024000050038 Obxecto: Construción de muro divisorio de bloque e malla e construción de escaleira lateral anexa nas instalacións do refuxio de GATOCAN	5.000,00€	0,3110	16.077,27€
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS MOURA NIF: G70194964 Cod. Exp.:2024000050311 Obxecto: Adquisición de vehículo para a recollida, atención e coidado de animais.	12.040,00€	0,8000	15.050,00€
Beneficiario: ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS XUNTOS AS MARIÑAS NIF: G70582705 Cod. Exp.:2024000050315 Obxecto: Inversións 2025	5.568,00€	0,8000	6.960,00€

Número de solicitudes concedidas: 5

Total concedido 41.904,05€

Segundo.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Terceiro.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0520/17221/781, fase A, referencia número 22025000244, operación número 220250000712, importe: 41.904,05 €.

Anular o saldo contable que proceda no documento contable A sinalado, por economía na concesión das subvencións.

Cuarto.- No cumprimento das obrigas contables establecidas no apartado f) do artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvención e consonte ao previsto no artigo 6.2 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 185, do 25 de setembro de 2024) a entidade beneficiaria deberá incorporar necesariamente á Memoria da Conta xeral do exercicio un estado demostrativo de todos os gastos realizados e dos ingresos obtidos especificamente para o desenvolvemento do proxecto ou actividade subvencionada, sexan de carácter público ou privado. Dita Memoria, xuntamente cos demais estados contables, deberá recibir a aprobación da asemblea ou órgano similar de representación.

Quinto.- Publicar a presente resolución definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 7 de marzo de 2025

O presidente,

Valentín González Formoso

(asinado dixitalmente)

O secretario accidental,

Miguel Iglesias Martínez

(asinado dixitalmente)

2025/1548